

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

A Virxe das Neves do concello da Capela

Un cinco de agosto de fai moitos anos, nevou moito na parroquia de Santiago da Capela (A Coruña), máis coñecida como As Neves. Nunha pena, apareceu a Virxe. Os veciños vírona e foron orar aos seus pés e ela, mandou construír unha igrexa con aquela pena, e así se fixo. Os restos da pena aínda están alí e din que se che doen as moas, só tes que roer unha area das da pena e xa che pasa a dor.

BIBLIOGRAFÍA

«[Museo Etnográfico de A Capela](#)», en *O Retorno*, nº 3: Museo Etnográfico de A Capela, Asociación Patronato do Museo Etnográfico de A Capela 2009.

COMENTARIOS ENVIADOS

Por San Mamed de Momán contan que a Virxe das Neves era honrada na Igrexia Parroquial. E que cando se construiu a nova igrexa, a imaxe da Virxe das Neves foi levada para As Neves na Capela.

Enviado por Judiña de Lea o 12/07/2015 ás 15:49:24

